




R. (2024). *La semilla de la Institución Libre de Enseñanza. Los primeros alumnos (1876-1884)*. Santiago de Compostela: Andavira Editora, 244pp. ISBN: 978-84-129402-7-5.

A ILE naceu a raíz da expulsión dun grupo de profesores tras o intento de limitar a liberdade de cátedra nas universidades ao prohibir a difusión de calquera doutrina contraria á Igrexa católica e a monarquía, baixo o reinado de Isabel II co Goberno de Narváez. Fundouse en Madrid como sociedade por accións o 10 de marzo de 1876 coa dirección de Francisco Giner de los Ríos (1839-1915), catedrático de Dereito na Universidade Central, e consagrouse «al cultivo y propagación de la ciencia en sus diversos órdenes», como reza o Artigo 1 dos seus *Estatutos*.

Para o seu discípulo Antonio Machado, Francisco Giner foi el «maestro»; para o seu amigo Miguel de Unamuno, o «Sócrates español». Joaquín Costa dixo que, «más que un hombre, Giner es una categoría». «La obra de Giner es tan considerable, que cuanto existe en España de pulcritud moral lo ha creado él», escribiu Manuel Azaña. A súa solvencia e prestixio facilitou que figuras como os mencionados Joaquín Costa e Antonio Machado; o escritor Leopoldo Alas, o pintor Joaquín Sorolla, o xeólogo e zoólogo Augusto González de Linares, o médico e investigador Santiago Ramón y Cajal ou o político Federico Rubio entre moitos outros, prestaran á ILE o seu apoio moral e económico. Os primeiros accionistas, en número de 201 entre os que se atopa algún dos mencionados, representaban a sectores da sociedade liberal e rexeneracionista, comprometidos co seu avance social e educativo. Entre tantos homes ilustres tamén se atopaban dúas mulleres destacadas: a ferrolana Concepción Arenal e a coruñesa Emilia Pardo Bazán, con quen Giner mantivo unha amizade moi achegada. A ILE pasou por varios locais ata establecerse nun edificio construído no actual Paseo de Martínez Campos.

Esta Institución, que desenvolveu o seu labor educativo á marxe do Estado e situou o seu ideario lonxe de calquera dogma político ou relixioso, influíu decisivamente na modernización do ensino entre finais do século

XIX e o primeiro terzo do XX onde se educou a clase dirixente liberal como contrapunto á alta burguesía conservadora española, que nutría as aulas dos colexios xesuítas. Integrou no seu claustro membros destacados da chamada Xeración do 98, que formaron aos mozos da Xeración do 14, entre os que se atopaban Manuel Azaña, José Ortega y Gasset, Gregorio Marañón ou Ramón Pérez de Ayala. Giner escribía en 1906: «España carece hoy de un personal directivo, lo cual exige que se prepare un nuevo personal superior del modo más intensivo y rápido. Mas también aprovechar lo mejor del antiguo hasta el último límite».

Con ese obxectivo naceron, baixo a súa iniciativa, a Junta de Ampliación de Estudios (1907), a Residencia de Estudiantes (1910), a Residencia de Señoritas (1915) e o Instituto-Escuela (1918) destinados a formar un feixe de mulleres e homes que habían destacar no mundo das letras, da ciencia, das diversas artes ou da política, agrupados tamén na Xeración do 27 como foron, entre outros, o poeta Federico García Lorca, o pintor Salvador Dalí, a avogada e política Victoria Kent, o cineasta Luis Buñuel, a filósofa e escritora María Zambrano, o científico Severo Ochoa ou a pintora Maruja Mallo.

Foron o froito da rexeneración pretendida polo «maestro», no eido da cultura, a ciencia, a arte e a sociedade, destinados a influír 'pedagoxicamente' na modernización da sociedade desde diferentes esferas durante o

primeiro terzo do século XX. Por iso, desde a súa fundación en 1876, o espírito da ILE prendeu nas xeracións de docentes e educadores que habían exercer o seu maxisterio entre finais do século XIX e a fin da Segunda República, e adiantouse a case todas as innovacións introducidas pola pedagogía moderna. Tamén por iso, as directrices da política educativa que se quixo implantar na República tiñan unha forte pegada institucionista. Con todo, é xusto recoñecer que, ademais da ILE, houbo outros axentes que tamén contribuíron á modernización do panorama educativo finisecular, como foi a cada vez máis abundante prensa pedagóxica, o crecente movemento corporativo docente, a presenza de partidos liberais e sindicatos de esquerdas, ou a acción sociocultural emprendida por ateneos republicanos anarquistas ou socialistas.

O seu método intuitivo, precursor da aprendizaxe significativa, iniciou un cambio profundo nos anticuados modelos pedagóxicos. E ata o golpe de estado, o institucionismo veu impregnar dun novo espírito o panorama educativo ao introducir o ensino da ciencia desde idades temperás e promover, en consecuencia, un modelo de escola neutral e respectuosa coa conciencia relixiosa do alumnado; ao ampliar nas súas aulas a duración da escolaridade desde os 6 aos 14 anos, e a continuidade entre os estudos primarios e o bacharelato, ou recomendar a avaliación

continúa antes que os exames finais. Ao adoptar o modelo de coeducación, ou defender e fomentar a incorporación da muller con plena igualdade na extensión universitaria e na formación profesional: elocuente resulta Francisco Giner ao afirmar naquel tempo que «la mujer debe educarse no como el hombre, sino con el hombre». Ou establecer como pauta educativa a confianza e a responsabilidade, no canto da disciplina e o castigo.

Fronte á tradición memorística e rutinaria, os institucionistas aplicaron a intuición como procedemento metodolóxico e introduciron outras innovacións como a educación física, os xogos na escola, as ensinanzas plásticas, a música, os traballos manuais ou o contacto coa natureza como un recurso habitual na aprendizaxe. Se foi Rousseau quen afirmou que a mellor lección é a que se dá á sombra dunha árbore, Francisco Giner engadía que era máis proveitoso un día no campo que na aula. E o seu discípulo Manuel Bartolomé Cossío (1857-1935), Director do Museo Pedagógico Nacional e máis tarde Presidente do Patronato de Misiones Pedagógicas insistía en que «hay que llevar al niño al taller, al museo, al campo. Que conozca la realidad en la realidad, y que luego entre en el aula para reflexionar sobre lo que ha visto, para plasmarlo por escrito y transformarlo en conocimiento». Dese modo, as constantes visitas aos museos, as excursións e saídas á natureza, a organización de colonias estivais e de viaxes didácticas definían un determinado

modelo de renovación pedagóxica.

E, malia o labor da ILE producir receos na meirande parte das entidades políticas e relixiosas que gobernaban o país —«La Institución sufrió incomprensiones, pero sobre todo parte de los clericales, que desconfiaban de un centro que defendía la neutralidad religiosa y en el que había algunos significados masones», recibíu o apoio de relevantes políticos do Partido Liberal, ademais dunha ampla galería de personaxes vinculados á ILE como *Ecclesia dispersa*, en expresión de Luis de Zulueta, «de diferentes ideas y profesiones atraídas por la educación que la Institución propugnaba, y que se sentían unidas en una dirección común».

A ILE, que en principio se proxectou como unha institución de ensino superior «libre» de carácter privado, como permitía a lexislación vixente, abriu as súas portas en 1876 para «acoger alumnado de segunda enseñanza y ofrecer clases de idiomas, ampliación de estudios universitarios y cursillos; además de organizar conferencias y actividades complementarias del estudio, como excursiones y talleres. Desde 1878 acoge también a alumnado de primera enseñanza».

Entre os múltiples e variados aspectos que conforman a Institución, que nace como un modelo alternativo fronte ao que se practicaba nese momento, *La semilla de la Institución Libre de Enseñanza. Los primeros alumnos (1876-1884)* preséntanos un coidado estudo,

cuantitativo e cualitativo, sobre un total de 112 mozos que frecuentaron as súas aulas nos primeiros anos de vida, entre 1876 e 1884, tomando como referencia a información que achega o seu *Boletín* recollida nos tomos VII y VIII (1883 y 1884).

Desde o momento en que foron aparecendo as primeiras publicacións sobre a ILE, tanto no estado español como fóra das nosas fronteiras, «la referencia a los alumnos que pisaron las aulas era inevitable. Los trabajos de Vicente Cacho Viu, María Dolores Gómez Molleda, Yvonne Turin, Antonio Jiménez-Landi Martínez y un largo etcétera abundan en esta temática y configuraron un corpus importantísimo de conocimiento». Pero —e aí radica a orixinalidade deste traballo— existía a necesidade de clarificar a cantidade e identidade dese alumnado inicial, como veñen de abordar nesta obra conxunta Anxo Porto Ucha e Raquel Vázquez Ramil, dous investigadores de longa e recoñecida traxectoria, que teñen na ILE un dos seus focos de interese e de atención desde hai xa bastantes anos cunha nutrida produción de textos.¹

Como eles mesmos afirman, «Perfilamos así quienes fueron los primeros, la semilla del que será el principal centro de renovación pedagógica en la España anterior a la guerra civil. Constan sus nombres, más de mil cien,

algunos tan conocidos como Antonio Machado y sus hermanos; Julián Besteiro, y ofrecemos breves pinceladas de algunas trayectorias bioprofesionales, que abarcan desde la alta política, puestos en la administración civil y militar, el empresariado, el arte y, por supuesto, la enseñanza en diferentes niveles». Serán algúns dos alumnos desta primeira fornada os que, máis adiante, desde as distintas responsabilidades políticas e administrativas van proxectar o modelo de política educativa na Segunda República, como apuntamos máis arriba, malia quedar só nun esbozo polas trágicas consecuencias da rebelión militar franquista.

O traballo está composto por cinco capítulos, ademais dun Prólogo, a Introducción e catro apartados finais: «Síntesis y conclusiones», «Fuentes documentales», «Bibliografía citada» e «Anexos». O primeiro capítulo, «El nacimiento de la Institución Libre de Enseñanza» de carácter introdutorio sobre a temática, aborda os inicios da ILE no contexto do movemento krausista e a súa implantación no estado español a través de Julián Sanz del Río; as chamadas «cuestións universitarias» que deron orixe á ILE e os primeiros pasos para a súa creación; os membros fundadores e os Estatutos.

¹ Véxase a súa extensa produción dos últimos dez anos, moita dela dedicada a algúns aspectos, personaxes e centros vinculados á ILE en Galicia, en Costa Rico, A., e

Malheiro Gutiérrez, X. M. (2025): A Investigación sobre Historia de educación. En Miguel Anxo Santos Rego (ed.). *A Investigación educativa en Galicia. 2015-2024*. Vigo, Editorial Galaxia, pp. 31-67.

O Capítulo 2, «Las enseñanzas y el sentido de la escuela en la ILE» ocúpase do modelo educativo da escola na ILE nos seus primeiros anos, «aspecto este menos tratado en la investigación pedagógica sobre la Institución Libre de Enseñanza», afondando na concepción novidosa de diversos aspectos como o currículo, os principios de intervención e actividade pedagóxica; o laicismo e a neutralidade; a coeducación, o ensino cíclico; os métodos de traballo; a concepción do espazo escolar; a cultura popular no currículo; os exames e a avaliación; a figura do alumnado e o profesorado. Este apartado contén ademais unha fermosa galería de imaxes sobre algúns dos personaxes que estiveron vinculados á Institución que completa un índice fotográfico.

O Capítulo 3, «Estudios generales de Segunda Enseñanza (1876-1882)», está dedicado á implantación dos estudos xerais da chamada “segunda enseñanza” entre 1876 y 1882 e ao alumnado que cursou este nivel secundario. Mediante unha análise cuantitativa, detense nos planos de estudo; nos métodos e metodoloxías didácticas; no profesorado e a relación nominal de alumnos.

O Capítulo 4, «Estudios superiores científicos y otros cursos y conferencias», trata sobre o programa de linguas; sobre os estudos preparatorios para as Facultades de Dereito e Filosofía y Letras, Medicina e Farmacia; Estudos de Dereito; Doutoramento en Dereito; estudos superiores especiais; curso breve sobre teoría

das accións, e outros cursos breves, conferencias e lecturas... Un conxunto de iniciativas proxectadas cara o intento de implantar unha universidade libre, seguindo modelos europeos, que acaba por abandonarse a partir de 1878.

O Capítulo 5, «La instrucción primaria en la ILE y la 1ª y 2ª enseñanza por secciones» aborda o programa do ensino primario (1878-1882), e a primeira e segunda ensinanza por seccións (1882-1884), baseado en datos cuantitativos e a relación nominal.

Seguen aos apartados anteriores unhas breves conclusións que recollen de modo sintético o traballo realizado. Finalmente, un Anexo que contén unha detida e completa base de datos do alumnado matriculado nos primeiros oito cursos académicos da Institución por orde alfabética que ofrece nomes, anos cursados, estudos realizados e fonte onde se localizan os datos.

La semilla de la Institución Libre de Enseñanza. Los primeros alumnos (1876-1884) segue unha liña de traballo coidado, continuado e valioso sobre a ILE, iniciada hai máis de 40 anos —en moitos casos achegándonos interesantes conexións galegas de institucións e personaxes— que con esta obra regresa aos seus inicios e, como salientan os autores, «es la raíz de la que surge el frondoso árbol del institucionismo en España».

Xosé Manuel MALHEIRO GUTIÉRREZ
Universidade da Coruña